

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/06/2018 14:38:31

SAIDA **6468/18**

Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda
Axencia Galega de Infraestruturas
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente:L.8.Q/4123/18

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Sra. conselleira:

Con motivo da visita institucional e o encontro coa cidadanía que tiveron lugar fai poucas datas no concello de Tomiño, tanto a alcaldesa como a veciñanza trasladáronme as inquedanzas sobre o transporte público dende ese concello ata o Hospital Álvaro Cunqueiro da cidade de Vigo e nomeadamente sobre a duración do mesmo, que se aproximaría aos 90 minutos. Igualmente, sobre a conveniencia de mellorar o transporte por Gondomar.

O DOG anunciaba o pasado 30 abril a elaboración do documento base do Plan de transporte público de Galicia, que acometerá a Consellería á que me dirixo, segundo o disposto no artigo 2.3 da Lei 10/2016 de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público na nosa comunidade.


O Regulamento comunitario 1370/2007 *del Parlamento Europeo y del Consejo* sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros, obrigara a renovar todo o conxunto das concesións de transporte público por estrada por medio dun concurso aberto que deberá estar resolto coa data límite do mes de decembro do ano 2019. Por conseguinte, asumido ese mandato na Lei autonómica 10/2016, cómpre que logo do estudo das necesidades, se proceda a deseñar a nova rede de liñas de autobús, de xeito que se garantan uns servizos seguros, eficaces e de calidade tendo especialmente en conta factores sociais e ambientais e a ordenación territorial así como a pertinencia de ofrecer determinadas condicións tarifarias a certas categorías de viaxeiros.

É por elo, que coñecendo que a tramitación do Plan de transporte público de Galicia ven de arrancar e de que ese proxecto de reorganización completo do transporte por estrada supón unha oportunidade para dar resposta con eficacia ás necesidades actuais, tanto en contornos urbanos como rurais, dende esta Institución, consideramos necesario iniciar esta

investigación de oficio, en aplicación do disposto nos artigos 13 e 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo.

Toda vez que o futuro mapa de liñas está chamado a facilitar a mobilidade das persoas e a potenciar a accesibilidade dos servizos e que na organización destes, considerárase especialmente o acceso a centros sanitarios, semella oportuno que solicitemos información sobre a situación exposta e as posibilidades de que tras o estudo da mesma e logo da tramitación correspondente sexan tidas en conta as necesidades da poboación deste concello. Interesamos, así mesmo, canta información, ao seu criterio, puidera ser relevante para contribuír a solucionar a problemática exposta.

Agradézolle por anticipado a remisión do preceptivo informe e saúdaa atentamente.



Milagros Mª Otero Parga
Valedora do Pobo